



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO  
PLENO DO CONCELLO  
O DIA 6 DE MARZO DE 2008

ALCALDE: D. Jesús Vazquez Almuiña

CONCELLEIROS: D. Angel Manuel Rodal Almuiña  
Dña.Rosa Ana Marcote Guillén  
Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez  
Dña.Maria Iglesias Fernández  
Dña.Ana Simons Sánchez  
D.Jose Rodríguez Trigo  
Dña.Maria Jesús Martíns Passos

D. Manuel R. Vilar Marquez

D. Rafael Lores Rosal  
Dña. Teresa Perez Vieira  
Dña.Laura Miguez Pérez  
D.Manuel Rafael Estévez González  
D. Manuel A. Gonzalez Marcote  
Dna.Emilia Giráldez Ramirez

D. Xose Enrique Fernández Fernández  
Dña Ana Maria Rodríguez Fernández

SECRETARIA: Dña.Susana Gallardo Fariña

INTERVENTORA: Dña.Rosa del Riego Santos

---

Na Casa Consistorial de Baiona, a seis de marzo de dous mil oito, reúnen os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, pasándose ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

**1.-APROBACION ACTAS ANTERIORES: 7 DE FEBREIRO E 12 DE FEBREIRO DE 2008.**

O Sr.Alcalde pregunta ós concelleiros se teñen alegacións que facer ás devanditas actas, producíndose as seguintes intervencións:

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- Na acta do 7 de febreiro pon que a que lles fala incorporouse máis tarde, e no primeiro punto de discusión, punto nº 3 da Orde da Día, pon "Neste intre incorpórase á sesión a Sra.Rodríguez, BNG", eu xa estaba aquí, non me incorporei neste momento, non sei si salín ó baño nalgún momento, pero eu xa estaba no Pleno, e que ademáis este punto o defendín eu, non pode ser que me sentara e empezara a falar.



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

SR.FERNANDEZ, BNG.- Sr.Alcalde, o BNG vai a votar por primeira vez en contra dunha acta porque consideramos que non reflexa o que sucedeu aquí nese Pleno, e ademáis poñolle en antecedentes que vamos a presentar un recurso á mesma porque por analogía con outras institucións, aínda que aquí non hai un Regulamento orgánico de Pleno, por analogía creemos que un grupo municipal cando presenta unha Moción e non se aceptan as enmendadas non se poden aprobar as enmendadas e sí aprobarse unha Moción con algo que nós aquí non dixemos; non nos vale a fórmula que fai a Secretaria de subraiar e dicir despois que ese subraiado que non vai a existir na Moción, para nós iso non serve, polo tanto vamos a presentar un recurso onde sexa preceptivo.

-----  
Procédese polo Sr.Alcalde á votación das derradeiras actas, resultando:

ACTA DO 7 DE FEBREIRO DE 2008: Votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ), votos en contra, 2 (BNG), producíndose 6 abstencións, do PSOE; polo cal fica aprobada.

ACTA DO 12 DE FEBREIRO DE 2008: Fica aprobada por unanimidade.

## **2.-DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.**

Os concelleiros dispoñen da devandita relación.

## **3.- DACION DE CONTA DA LIQUIDACION DO ORZAMENTO 2007.**

Dase conta da devandita Liquidación.

## **4.- DACION DE CONTA DO EXPEDIENTE DE INCORPORACION DE REMANENTE DE CREDITOS Nº 1/2008.**

Dase conta do devandito expediente.

## **5.-APROBACION, SE PROCEDE, DO II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE BAIONA 2008-2010.**

O Sr. Alcalde cede a palabra á Sra. Silva, PP, quen procede á lectura do seguinte:

*“ É unha satisfacción para mín presentar en vísperas do 8 de marzo Día Internacional da Muller o II Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e Homes do Concello de Baiona 2008-2010.*

*Este Plan é o marco no que se inclúen as distintas actuacións que se van desenvolver no ámbito da igualdade de oportunidades no noso municipio durante os vindeiros tres anos, e amosa o noso compromiso no eido das políticas de igualdade de oportunidades coa nosa vila, situando a Baiona como un Municipio de referencia en políticas de igualdade no Val Miñor.*

*Para a súa elaboración tivéronse en conta ás normativas legais en materia de igualdade de oportunidades tanto europeas e estatais como autonómicas e locais, o plan de igualdade estatal, o autonómico e a avaliación do I Plan Municipal de Igualdade do Concello de Baiona 2005-2006, as*



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

*demandas e suxestións dos axentes sociais, persoal técnico e político etc co fin de axustar na medida do posible o plan a nosa realidade.*

*O plan estruturase en 4 eixes de actuación, que pretenden respostar ás necesidades detectadas e ás demandas expresadas pola cidadanía a través das diferentes reunións mantidas cos axentes sociais do municipio e asociacións .*

*Non vou a facer aquí unha exhaustiva descripción de cada un dos eixes xa que esta información a podedes atopar no propio plan, pero si farei unha breve referencia a cada unha destes eixes:*

*O eixe de participación social, económica e empoderamento contempla obxectivos e actuacións dirixidas a fomentar e dinamizar o movemento asociativo de mulleres, promover a participación das mulleres do municipio en actividades informativas e formativas como medio para acadar o seu empoderamento así como a fomentar a súa inserción laboral.*

*O segundo eixe difusión, sensibilización e formación en igualdade de oportunidades contempla obxectivos e actuacións dirixidas a propiciar a inclusión da perspectiva de xénero na Administración local, a sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia de promover a igualdade entre nenas e nenos así como sensibilizar sobre a importancia do repartimento equitativo das tarefas domésticas entre homes e mulleres.*

*O tercer eixe recursos para a igualdade, benestar e conciliación da vida laboral, familiar e persoal contempla obxectivos e actuacións dirixidas a ampliación e mellora de recursos e servizos que faciliten a igualdade e a conciliación da vida laboral, familiar e persoal, así como mellorar a calidade de vida das mulleres mediante actividades informativas e formativas que contribúan á súa saúde física e psíquica.*

*É o último eixe Violencia de xénero e muller contempla obxectivos e actuacións dirixidas a promover medidas de sensibilización e prevención da violencia de xénero e a mellorar a atención integral ás mulleres vítimas de violencia de xénero.*

*Cada eixe de actuación segue a seguinte estrutura: unha introdución xeral , uns obxectivos específicos, e as actuacións necesarias para acadar cada obxectivo. En cada unha das actuacións especificase os indicadores de xénero e os departamentos implicados no desenvolvemento das mesmas.*



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

*En canto a vixencia do plan , o seguimento e avaliacion do mesmo, sinalar que o tempo de vixencia é de tres anos e o seu desenvolvemento anual; así o plan inclue o cronograma do desenvolvemento das actuacións .*

*No que respecta aos mecanismos de seguemento e avaliacion están fdefinidos no propio plan :  
Realizarse unha avalicacion cuantitativa e cualiltativa .*

*Durante os catro anos de vixencia do plan, levarase a cabo un seguimento anual.*

*Para realizar este seguimento tomaranse como referencia os indicadores establecidos para cada unha das actuacións. A recollida da información que dea conta destes indicadores realizarse a partir dun soporte documental, consistente nunha ficha que deberán cubrir as persoas responsables da implantación do plan durante a vixencia deste, e que se atopa nos anexos do plan*

*E realizarse unha avaliación final externa da que se elaborará un informe final que nos proporcionará información sobre as actuacións realizadas e os resultados acadados, e que ao mesmo tempo contemple unha serie de conclusións, onde se sinalarán os principais logros acadados, as dificultades ou obstáculos atopados así como as estratexias empregadas para a súa superación. Ao mesmo tempo, o dito informe recollerá unha serie de recomendacións e melloras que poderán ser de utilidade e guía para o seguinte plan.”*

-----  
CONTINUA.- Antes de finalizar a miña intervencion quero sinalar un erro detectado na redacción do Plan no apartado “Avaliacion e Seguimento” na páxina 39, no ultimo parágrafo, onde pon “durante os 4 anos de vixencia do Plan” debe decir “durante os 3 anos de vixencia do Plan”. Quero tamén agradecer ó produto asociativo e demais do Municipio de Baiona por haber colaborado na realización deste Plan, moitas grazias.

SR.LORES, PSOE.- Bós días a todas e a todos, o grupo socialista está a favor e felicita ó equipo de Servizos Sociais e de Igualdade por este Plan; ao mesmo tempo queremos recoñecer a labor feita historicamente no Concello de Baiona no tema da Muller, dende a creación da Concellería de Muller, antigamente chamada así polo Sr.Adolfo Pino, e despois pola compañeira Teresa, que traballaron no primeiro Plan e que esa liña continúe; aparte de que o mesmo procedemento que se está a levar eu creo que é correcto, que é un procedemento de participación e de consenso polas distintas asociacións e colectivos, así como os centros educativos, polo tanto entendemos que se esta a facer un bó traballo e felicitamonos deste traballo e a aportación do grupo socialista sempre será positiva, sempre teremos unha mirada positiva nestes aspectos de igualdade.

O que nos sorprende é que o PP a nivel de Estado teña recurrida a Lei de Igualdade, que é algo que está a facer o PSOE en tódalas administracións, polo tanto o compromiso do PSOE é na administración local, na autonómica, e tamén na estatal. Vamos a estar a favor e felicitamos o traballo feito.

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- Primeiro felicitar á concelleiro e ós técnicos ou técnicas que ten no seu departamento porque realmente este Plan de Igualdade é para nós digno de un 10. Pero hai cousas que



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

nos chaman un pouco a atención, por exemplo, nos eixos de actuación, na paxina 16, no obxectivo 1.1. pon en "Departamentos implicados: Concellería de Igualdade de Xenero, e Asociacións", pero nos gustaría saber que asociacións, nós entendemos que son de Baiona lóxicamente, pero qué tipo de asociacións van a participar.

Na páx.19, fala de Realización dunha campaña de sensibilización e divulgación entre o tecido empresarial, están como Departamentos implicados a Concellería de Igualdade de Xenero e tecido empresarial; pero ¿se entende como tecido empresarial tódolos empresarios de Baiona ou as Asociacións empresariais que haxa neste intre en Baiona?.

Outra cousa que realmente nos gustou e nos chamou a atención é na páx.22: Actuacións: Promover que se asigne de xeito equitativo a denominación de rúas, parques e centros públicos con nomes de mulleres relevantes; esperemos que realmente así sexa, porque despois no Cronograma, na páx.43, nos chama tamén a atención que no punto 1.2.2. e no 1.2.4. dos Talleres de autodefensa e a Marcha pola Igualdade que non se fagan no 2008, se fan no 2009 e no 2010, estamos practicamente a principios de marzo de 2008 e penso que daría tempo. Igual que na páx.44, puntos 2.1.1, 2.1.2, 2.1.3, e 2.1.4, entran nomes de ruas e si hai algunha rua nova para porlle nome no Concello de Baiona pois no 2008 non se contempla, se contempla para o 2009 e 2010, ¿porqué non tamén para o 2008 cando todavía quedan practicamente 10 meses para rematar este ano?; espero que nos contesten a isto.

SR.VILAR, CMÑ.- Felicitar á compañeira de goberno por este Plan, que dubida cabe que hai unha directriz política clara e iso é fundamental para levar adiante este Plan, independentemente de que contamos cun servizo técnico que cumpre coas súas obrigas, pero fundamentalmente é a decisión política do equipo de goberno para levar adiante este Plan de Igualdade, e sobre todo que o Concello de Baiona siga sendo vanguardista a nivel da nosa bisbarra neste senso. Seguimos apoiando este Plan como non pode ser doutro xeito.

SRA.SILVA, PP.- No que compete a primeira pregunta das Asociacións, primeiramente serán as que formaron parte da estrutura do Plan; foron invitadas tódalas asociacións do Municipio, todas, sen excluir a ninguén, a formar parte da reunión para elaborar este II Plan, e as que viñeron serán coas que contemos.

Respecto ó tema dos empresarios, iríamos a asociacións de empresarios, se entende que están todos nunha asociación, ou en varias, e non podemos ir empresario por empresario, pero si eles veñen a nós non estamos cerrados posto que todos temos que formar parte desta iniciativa e tamén contamos coa Concellería de Traballo, debemos estar todos implicados, todo aquel que esté disposto a levar este Plan adiante.

No temas das rúas, e da Marcha das Mulleres, sí temos bastantes meses por diante pero nós fumos un pouco obxetivos; agora mesmo non temos ningunha rúa á que teñamos que decidir porlle ningún nome; hai que darlle contido ó Plan; nestes momentos temos en marcha bastantes temas, seguimos cos canguros, xente que está implicándose nos Institutos e nos Colexios en xeral, e vemos que pouquiño a pouco, e paso a paso, o 2009 non está tan lonxe, e sobre a marcha das mulleres decir un pouco o mesmo, temos varios actos nos que sí estamos implicando a asociacións e demáis, hai que sentarse con elas, consensuar, e si queremos facer as cousas ben hai que facélas con tempo e cando se poña isto a rodar pois facélo ben.

SR.ALCALDE.- Felicitar á concelleira Sra.Silva polo traballo realizado e a todo o seu equipo, de verdade que están facendo unha gran labor; enhoraboa Angeles. E gracias tamén ós partidos polo apoio ó Plan.

-----  
***Polo Sr.Alcalde sométese a votación o presente punto, resultando aprobado por unanimidade.***  
-----

***E por isto que o Pleno, por unanimidade, acorda:***



EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)

- **APROBAR o II Plan de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes do Concello de Baiona 2008-2010.**

**6.- APROBACION, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE QUE A VILA DE BAIONA SEXA DEPOSITARIA DOS MATERIAIS RECUPERADOS NOS TRABALLOS ARQUEOLOXICOS REALIZADOS POR MOR DAS OBRAS DE AMPLIACION DO PORTO PESQUEIRO.**

O Sr. Alcalde cede a palabra ó Sr. Rodal, PP, quen da lectura á seguinte:

**PROPOSTA DO EQUIPO DE GOBERNO**

***No Concello de Baiona se veñen desenvolvendo nos últimos meses traballos arqueolóxicos previos as obras de ampliación do porto pesqueiro. Ditos traballos están dirixidos polo especialista en arqueoloxía submarina Miguel San Claudio.***

***Informados polos medios de comunicación dos fructíferos resultados obtidos, que se concretan na recuperación de restos materiais abondos de diversos tipos, que poden ilustrar en parte a Idade Moderna Local, este Concello quere expresar a oportuna solicitude para que eses materiais podan ser expostos e divulgados na futura casa museo, Casa Carbajal, (na actualidade en fase de rehabilitación) que con tal fin esta proxectado no Casco Histórico de Vila e sobre o que xa se traballa.***

***Considerase que en coherencia coa liña emprendida en relación ao patrimonio local, tal como a redacción do Plan Especial para o casco Histórico, controles arqueolóxicos das obras no mesmo e deseño dunha Casa Museo para albergar e difundir a Historia local, sería importante poder contar con materiais inéditos que veñen a engadir información valiosa capaz de completar e contrastar a que ata o de agora só coñecemos a partires dos documentos escritos.***

***E por isto polo que, propoño ó Pleno da Corporación***

***Instar á Consellería de Cultura e Deporte de que a Vila de Baiona sexa depositaria definitiva dos materiais recuperados nestes traballos, asumindo o compromiso de custodia, conservación, divulgación e accesibilidade, tal e como corresponde.***

-----

CONTINUA.- Como vostedes saberán fai 5 meses escasos comenzaron os traballos de ampliación do porto pesqueiro de Baiona; estes primeiros traballos consistiron en que uns arqueólogos, dirixidos por Miguel San Claudio, fixeron inmersións submarinas porque eles contaban con que ia haber iacementos arqueolóxicos, co que non contaban era con que realmente aparecieran tantos e que a día de hoxe son unhas dúas toneladas de pezas arqueolóxicas, en total unhas 3000 pezas, que van dende cerámicas a anforas, a distintos utensilios de diversidade, e ata dous cañóns; e por isto que dende o Concello de Baiona creemos que é vital que todo este material esté exposto no futuro Museo da Navegación posto que estas pezas dan información da relación mercantil e comercial que tiña Baiona na Idade Media cos distintos pobos mariñeiros, e realmente nos dá tódala importancia que tivo Baiona na Idade media e que era ún dos primeiros portos a nivel marítimo do márxen atlántico. De ahí a nosa petición de instar á Consellería de Cultura e Deporte para que podamos ser depositarios no noso futuro Museo da Navegación de todo este material.



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

SR.LORES, PSOE.- Efectivamente estánse a atopar pezas importantes da historia de Baiona nestas obras que se están a facer no porto pesqueiro, e polas informacións que temos creo que se está agora nun proceso de catalogación e estudo de todo este tipo de hallazgos que se fixeron no mar, que parece que sobre todo son importantes para a nosa historia no século XIV, no cal parece ser que hai hallazgos realmente importantes. Dende o grupo municipal socialista entendemos que é unha boa cousa que todolo que teña que ver coa historia de Baiona se deposite en Baiona.

O único que queríamos era engadir 2 cuestións a esta proposta: unha delas é que se trate de recuperar non so este tipo de hallazgos senón os que xa se fixeron, ou están catalogados, calquer outro tipo de obras, porque tamén supoñemos que cando foron as obras do novo porto deportivo tivo que aparecer algo, algunha peza importante, xa que está a escasos 100 metros, e todas aquelas pezas que estén depositadas por distintos museos da Comunidade Autónoma como poden ser os restos que apareceron na escavación da Palma, ou calquera outro tipo de restos arqueolóxicos. Creo que para a nosa historia sería bó pedirlle á Consellería de Cultura que aportara estas pezas, as que poida haber ou estén a disposición ou depositadas en outros museos, e que isto sexa como unha norma para tódalas obras que se fagan neste Concello nas que se produza algún tipo de achado. Polo tanto nós queremos pedir nesta Moción que non só se limite a estes traballos senón que se traten de recuperar todas aquelas pezas que estén depositadas en distintos Museos.

Outra cousa que queremos pedir, xa que parece ser que o procedemento é que unha vez que estén catalogadas estas pezas se depositarían nun museo, que aparentemente aquí sería o Museo do Mar de Vigo, mentres o noso Museo non esté activo; como ata o de agora sabemos dos datos pouco máis que pola prensa, pediríamos que se fixera unha exposición temporal en Baiona antes de que de todas estas pezas foran depositadas nos locais do Museo do Mar de Vigo, e xa que parece ser que o proceso de catalogación ten unha duración de 3 ou 4 meses, sería posible que entre o verán e o Nadal poideramos facer esa exposición temporal nun local en Baiona para que tódolos baioneses poidamos botarlle unha ollada e valorar o que se está facendo antes de que se faga ese traslado das pezas a Vigo.

Estas son as dúas cousas que nos pedimos que se inclúan nesta Moción; unha, pedir unha exposición temporal en Baiona antes do depósito provisional noutro Museo, e outra, que esta petición non se concrete simplemente nos traballos do porto pesqueiro senón que teña amplitude no tempo tanto antes como despois. Moitas grazas.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Parécenos moi ben que se reclamen todos estes achados que sirven para actualizar a día de hoxe e escribir o que foi a historia de Baiona ó longo dos tempos. Nos alegra saber, non como dí a Moción, que foron informados polos medios de comunicación, senón que xa houbo algunha xestión co Sr.Miguel San Claudio, me imaxino, pero en todo caso o que sí creemos é que estas pezas que se van a solicitar van a ir para un Museo pero a verdade é que non sabemos para cal vai a ser, porque según a nota que sacou na prensa o equipo de goberno no Museo da Navegación en Baiona, Casa Museo da Navegación, pensa facer unha Sala da navegación que albergará diversas fotografías dos navíos empregados en Galiza, daqueles planos de portos e mapas de rutas marítimas nos que apareza o nome da nosa Vila; na Sala nº 2 parece que se vai facer unha sala institucional, Galicia-América, ofrecerá ós visitantes a relación entre Galicia e América a partir da noticia da Arribada; na Sala 3, Cultura cristiana-europea e Cultura taína, ziguaiá e Caribe, presentará a sociedade occidental do século XIV que conseguiu descubrir o novo Mundo; a Sala nº 4, da Carabela La Pinta, un mapa das principais correntes e eventos mariños utilizados por navegantes, etc.

Polo tanto eu non sei si van vostedes a facer unha ampliación do Museo da Navegación para meter os achados éstos que vamos a solicitar, ou é que van a facer outro Museo aparte, non o entendemos, en todo caso o que sí nos alegraría é que fixeran o que nós sacamos no noso boletín que sería facer un Museo do Mar de Baiona, e ahí sí que tería encaixe solicitar os achados que estamos a solicitar agora; Museo do Mar para falar dos mariñeiros, das mariscadoras, dos mellores patróns do mundo que estiveron aquí en Baiona, da gamela, do pao de vela, que recordaríamos tamén ós naufragos que morreron no mar e que eran veciños deste pobo, e das mulleres incluso que



**EXCMO. CONCELO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

baixaban ó peirao a recoller a pesca ou que incluso reparaban as redes, e que algunhas a día de hoxe reparan. Por todo isto para nós é importante que ese Museo teña algo máis que a Arribada, porque antes de vir a Carabela Pinta a Baiona, Baiona xa existía. Polo tanto non queremos que se convirta o Museo da Navegación en unha boa, ou mala copia, do existente en Palos de la Frontera, onde fan unha oda a todo o Descubrimento (todos os que estivemos alí o podemos ver), e facer unha cousa distinta xa que Baiona merece o mellor.

Por outro lado tamén nos choca o dobre linguaxe que utiliza o PP con estas Mocións cando mostra un interese excepcional para que, como debe ser, para recuperar os bens da súa historia, para que estén no noso pobo, pero en cambio cando se trata de recuperar os bens que foron robados dos pobos de Galiza e levados a Salamanca polas tropas franquistas en plena guerra civil, cando se trata de iso entón falamos de que España é unha, grande e libre, cada vez máis libre, e aquí se fala dun xeito e en Madrid se fala de outro. Cando se fala do que atopamos aquí queremos para nós, e cando se fala do que nos roubaron entón para unha España, grande e libre. Pola nosa parte, Sr. Alcalde, vamos apoiar a Moción, por suposto, estamos dacordo en que se faga o Museo da Navegación en Baiona e que se faga cos vestixios que se atoparon en Baiona e que fale, na súa maior parte, de Baiona. Moitas grazas.

SR.VILAR, CMÑ.- Despois de escoitar as intervencións anteriores é que eu alucino, de verdade que me obrigan a intervir e a dicir as cousas como son. Nós presentamos aquí unha Moción, realmente, pola actitude que ven presentado co Concello de Baiona Portos de Galicia, fundamentalmente sabemos que estamos nunha actitude de conflito con Portos de Galicia; Portos, Consellería, Dirección Xeral, dirixida polo PSOE, está nestes momentos a marxinar a Baiona, a atacar os intereses municipais, e me refiro a que neste caso, nunha obra que se está facendo de ampliación do peirao, está actuando por libre, non lle da conta ó goberno municipal, non lle dá conta a esta cámara de tódolos achados que se están producindo no porto, ata o punto de que se extrae ese material e se deposita fora de Baiona, isto resulta francamente lamentable; por iso nós, que nos tivemos que enterar por terceiras persoas desta situación, presentamos esta Moción clara e contundente para que a Corporación de Baiona reclame eses achados que se están producindo no noso porto; non mezclen cousas anteriores, que tódolo anterior se poderá reclamar no seu día, etc. O que sí resulta lamentable é a ignorancia que temos a Corporación Municipal de Baiona de todos estes hallazgos producidos no porto pesqueiro por esta actitude que ten Portos de Galicia de ocultarnos información; nós reclamamos, cando menos, un informe do que se está rescatando ahí; reclamamos e exiximos que parte dos restos (ao mellor non todos) que regresen aquí, ó Museo da navegación de Baiona, nós ofrecemos locais e por suposto este é un Museo amplo no que se poden modificar as diversas Salas e pode haber espazo para eses hallazgos, e reclamamos ante todo lealdade á Xunta de Galicia e á Dirección de Portos.

Todos sabemos que existe este conflito con Baiona, non se resolve o tema de RONAUTICA, xa miran como en RONAUTICA tiraron para diante e non se sentan a negociar a pesar das nosas reclamacións; Sr.Fernández, son seus socios de goberno na Xunta de Galicia, xa o sei, pero bueno, esta é a irresponsabilidade con que se está actuando con Baiona, por iso nós dentro desta Moción reclamamos eso: reclamamos dunha maneira clara que non se lle oculte a Baiona todo o que está aparecendo ahí, e que lamentablemente temos que vir a un Pleno cunha Moción para esixir ese tema.

En canto o plantexado polo Sr.Fernández de facer aquí un Museo do Mar, mire vostede, todo iso que dí vostede das tradicións mariñeiras, das redeiras, etc., todo iso o pode facer calquer pobo de Galicia costeiro, e posiblemente Baiona poida facélo, pero non outro Museo; nós non temos que esquecer o protagonismo histórico que ten Baiona en relación co Descubrimento, que nos dá un carácter único en España, un carácter universal, e que nós temos que reivindicar; e hoxe en día todo o relacionado coa Carabela Pinta, co museo da Carabela, co futuro Museo da Navegación, que vai enfocado en gran medida a pór en valor esa importante xesta que tivo lugar coa primeira noticia do Descubrimento de América, todo o protagonismo histórico que ten Baiona cos pobos





EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

iberoamericanos, e que agora vamos a ter con Portugal, todo iso é algo ó que Baiona non pode renunciar.

E xa lles gustaría á maioría das poboacións galegas ter o protagonismo histórico que ten Baiona, e nós estamos pola defensa desa singularidade de Baiona, e non estamos en contra da nosa tradición pesqueira, mariñeira, que incluso eu nacín dentro dese ambiente de atadeiras, de mariñeiros, dese ambiente de xente que vivía do sector primario, e que estou seguro que se poderá facer un amplo Museo, pero non ten que ver nada co Museo da navegación, coas nosas relacións históricas; Baiona foi un porto importante no que a existencia de navíos doutros lugares, de Francia, de Inglaterra, detc., xustifica en gran medida porque viu aquí a Carabela; por iso, como ben decía o Alcalde, ten unha razón de ser importantísima que se ubique todo eso no Museo do mar, ¿qué sentido ten que o leven para Vigo os achados do porto de Baiona?, ¿ten algún sentido?, ¿é que Vigo colabora con nós en cuestións históricas?, si cando Baiona era unha cidade, Vigo era unha aldea, iso nadie o discute: Baiona é anterior a Vigo, e Vigo está agora celebrando o seu Bicentenario cando nós xa estamos no 8º Centenario da fundación de Baiona; fíxense na diferenza; nós xa estamos no 8º Centenario que foi cando se inaugurou o Monumento de Alfonso IX, non hai color, por iso nós temos que reivindicar a nosa historia, e a nosa historia está neste planteamento. Polo tanto creo que aquí os representantes do PSOE e do BNG non teñen que ocultar de que nestes momentos estamos sendo castigados por decisións unilaterais da Xunta de Galicia, en concreto da Dirección Xeral de Portos, que non nos informa de todo o que se está producindo no porto pesqueiro, que lamentable se está levando para outros museos e que non se respeta a singularidade de Baiona; por iso nós defendemos a Moción tal e como está e defendemos a realidade tal e como a plantexamos aquí. Moitas grazas.

SR.RODAL, PP.- Decirle ó Sr.Lores que a nivel de arqueoloxía subacuática esta é a primeira vez que se fai un estudio submarino nos fondos da bahía de Baiona.

Respecto o que comentaba de que antes de que foran todas estas pezas para o Museo de Mar de Vigo se fixera unha exposición previa aquí en Baiona, obviamente habería que buscar un local acorde porque lóxicamente necesitaría dunha seguridade, unha custodia, unha serie de condicións de temperatura, etc., por iso non sería tan fácil, é un pouco complicado, por iso falamos do Museo da navegación que evidentemente sí contará con todas esas características.

Con respecto ó Sr.Fernández decirle que a memoria histórica do PP vai máis alá da guerra civil, a memoria histórica do PP vai dende o arte rupestre que temos nas distintas parroquias do noso municipio, tamén no castro, como o da Península de Santa Marta, como o poblado celta do Monte Boi, como tamén en toda a nosa historia medieval que é importantísima. Moitas grazas.

SR.ALCALDE.- Esto non é o debate, eu non son Olga Viza, entón por favor respetemos os turnos e non falemos con interrupcións. Moitas grazas.

SR.LORES, PSOE.- Me sorprendía gratamente que o goberno municipal tivera unha proposta cultural, sorprendíame, volvo a decir que con mirada positiva mirabamos esta Moción, decíamos: "é unha boa Moción", pero agora cando me entero que o obxectivo da Moción non é un problema cultural senon que é unha intención de ir contra Portos, agora xa mo explico, isto é sorprendente, ou sexa, presentase unha Moción para recuperar unhas pezas que nos poden axudar a entender, a interpretar, a historia de Baiona, pedimos que esas pezas estén en Baiona porque nos parece sensato e coherente, decimos que vamos a apoiala e ademáis ao mesmo tempo decimos que aínda hai máis pezas que están por aí e que consideramos que debemos ter en Baiona a nosa historia, perfecto; ó mesmo tempo pedimos que en obras posteriores se fagan estudos, que se tengan en conta este tipo de actuacións, e que así sucesivamente se faga tanto pola Xunta de Galicia como por outro tipo de Administración, ou por empresas privadas, que se teña en conta; e tamén decimos que antes de que se depositen temporalmente nun Museo e mentres o noso Museo non esté acondicionado que se faga unha exposición temporal para que tódolos baioneses coñezamos de primeira mán e antes que ninguén o que aí se atopa, e resulta que sorpréndenos o Sr.Vilar decindo



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

que esta Moción non é para iso senón que é para decirlle a Portos que estamos en contra dél; para iso nós votamos en contra; Sr.Vilar, tódolos iacimentos arqueolóxicos pasan por un proceso de catalogación, que están en máns dos técnicos, única e exclusivamente, e non pode haber aquí unhas pezas que non se están estudiando, para estudiálas hai que leválas ós sitios de estudio, ós laboratorios, e ahí están, nese proceso; e unha vez que eso esté catalogado, procesado, Portos de Galicia ten que pór a disposición da Consellería de Cultura, ese é o procedemento e vostede o sabe, ou igual non o sabe porque antes non se fixo así cando vostede era o responsable da Administración Local en Baiona, non se fixo nunca iso ¿de qué ven a falar?; agora estáse facendo o procedemento, catalogan esas pezas, póñense a disposición da Consellería de Cultura, e a Consellería dí “hai que depositálas nun museo”. ¿Qué quere que lle conten a vostede, de momento, cando eso é un proceso científico?, ¿qué pasa? ¿que hai pouco hábito neste tema?, porque nin na Administración autonómica anterior, nin na Administración Local, iso se facía; arrasabase con todo; e si aparecía algo tapábase, non fora a ser que un promotor non fora a edificar; esa é a cultura. Por unha vez que se fan as cousas razoablemente ben, ven vostede e protesta ¿porqué será?. Pedimos que nos aclaren o obxectivo da Moción; si é para ir en contra de Portos de Galicia, votaremos que non; moitas grazas.

SR.ALCALDE.- Non se acalore tanto, Sr.Lores, que non queremos hoxe aquí actuacións médicas.

SR.FERNANDEZ, BNG.- En primer lugar quero mostrar a miña satisfacción porque o moderador trate de levar o Pleno dunha maneira axeitada, que non sucede como no último Pleno que cando falaban de alí mandaba calar e cando falaban de aquí decía “siga, siga para adiante”; me alegro, Sr.Alcalde, porque ese é o bó camiño.

Sr.Vilar, que lle vaiamos a tirar das orellas a Portos de Galiza porque por unha vez na vida fagan as cousas ben, tamén é para reirse; resulta que aquí nunca se fixo unha agresión, con “agresión” me refiro a unha obra que agredira ó medio marino, o Clube de lates, que vostedes tanto eloxian e tanto protexen, fixo 20.000 chapuzas no seu entorno e nunca se fixo un traballo arqueolóxico; non sabían vostedes si alí había algo, ao mellor hai. A Consellería, creo que foi a de Cultura, da Xunta, cando fixo o pantalán da Carabela, non fixo nin unha prospección arqueolóxica; RONAUTICA, nin arqueolóxica nin medioambiental; decían que só había miñocas no fondo do mar ¿se acorda?; polo tanto agora se fan as cousas ben, e eu non estou defendendo a Portos, que por certo aínda estamos esperando a que o Presidente de Portos aínda nos reciba despois de haber mandado unha carta certificada a nome de cada ún e decíndonos que nos ía recibir, estamos esperando aínda a que nos reciba, a mín polo menos non me invitaron, non sei ós demais.

Evidentemente cando se fan as cousas ben hai que agradecélo e hai que recoñecelo; polo tanto estou dacordo co que dixo o compañeiro Lores, portavoz do PSOE, de que debemos de tratar traer as cousas que lle corresponden a Baiona para Baiona, pero non soamente as do mar, no mar non mandamos nós, manda Portos, manda Costas, pero no que mandamos nós é en terra, no Concello, e o Concello pode ser máis grande ou máis pequeno, pode crecer ou pode mermar, aquí creceu; e na parte que creceu hai hoxe mesmo un montón de embarcacións expostas e anunciadas na prensa a bombo e platillo unha exposición pública de compravenda de embarcacións para navegar sen licenza e sen pagar un duro de taxas, e iso é responsabilidade do equipo de goberno, de vostedes, do primer Teniente de Alcalde e do Alcalde; e decir, na superficie non manda Portos, manda o Concello de Baiona; e RONAUTICA non ten autorización, que nós saibamos, por parte do Concello, para facer esa exposición; polo tanto exíxennla retirar, e senón vaian vostedes alí e retiren os barcos, iso é o que tiñan que facer. Eso crea máis impacto incluso que as edificacións que se querían facer alí, hai algúns que teñen máis de 15 metros, polo tanto poñamos as cousas no seu sitio.

E na terra, tamén Sr.Vilar, hai achados que se atoparon no casco histórico, que se atoparon na Palma, e en moitos sitios máis, nos arredores dos petroglifos, e iso debe de estar en Baiona, nun museo; si o Museo que vamos a ter vamos a adicalo exclusivamente ao descubrimento e a Pinzón pois tardaremos en ter outro Museo porque Baiona non ten tanta capacidade económica; oxalá a



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

tivera, oxalá poideramos ter 40 museos, pero vai ser complicado; polo tanto vamos a ensinar ós veciños e ós nosos visitantes o que vamos recopilando da nosa historia, para nós iso é o importante. Sr.Rodal, tamén lle digo a vostede que é a primeira vez que se fai un estudio arqueolóxico, pero agresións houbo moitas máis, e sempre que estaba gobernando era o PP, o seu partido precisamente; agora non, e agora cando non goberna xa o PP é cando se fan os estudos e se esixen eses estudos. E evidentemente, o arte rupestre, os petroglifos, os castros, etc., forman parte da nosa historia, pero curiosamente os petroglifos máis importantes que existen neste Concello non os puxo en valor nin o PP nin o Concello de Baiona, foi a Mancomunidade de Montes de Sabarís, a Consellería de Medio Rural, e a Consellería de Cultura, dúas consellerías do BNG, non do PP, fíxese vostede que curioso, nin un duro gastou o Concello de Baiona nos petroglifos do monte de Sabarís, foi a Mancomunidade de Montes, fomos os veciños comuneros os que desenvolvamos e invertimos no monte porque creemos que debemos de facélo así, nada máis; moitas gracias.

SR.VILAR, CMÑ.- Eu xa vexo que o respecto polo patrimonio ven dende que o goberno da Xunta de Galicia está en máns do BNG, ou sexa que ata agora non se fixo nada; que eu saiba Sr.Presidente, cando Baiona foi declarada Municipio de Excelencia Turística fixemos un Plan que se denominaba "ruta dos petroglifos" que partía da Palma e que marcaba toda a ruta, e todavía non estaba gobernando o BNG, pero claro, agora dende que o BNG está na Xunta descubriu que son os grandes aladiles da cultura gallega. Sr.Fernández, por favor, teñamos memoria histórica para o que realmente hai que téla, por incluso cando vostede se queixa de que os demais lle interrompen, oiga, que vostede foi aquí un dos grandes axitadores reventando Plenos, porque vostede reventou Plenos en cantidade e en calidade, iso é historia reciente, pero vamos ó que nos interesa; mire vostedes, este goberno municipal é moi respetuoso con tódolos grupos políticos, e nos sabemos cando hai que facer unha moción de consenso e tal e como está elaborada esta Moción. Nesta moción, nós en absoluto nomeamos a Portos de Galicia, porque sabemos que hai que aprobar unha moción e hai que aprobála por consenso, ese é un tema que eu espero que se faga sen ningún problema; outra historia é que cada ún de nós interprete os feitos coa liberdade que nos dá ser portavoces de un determinado grupo político e que a nosa voz se escoite aquí con liberdade, eso é fundamental; e a visión que eu estiven dando do problema é unha visión posiblemente distinta á que poidan ter os representantes do PSOE porque ó fin e ó cabo son os responsables de todos os problemas que tivemos nos últimos tempos en Baiona con Portos de Galicia, e que non queiran tocar ese tema, é o mesmo partido político e o entendemos, e por iso nós aquí non o mencionamos. Agora ben, o que penso eu da actual Presidencia de Portos de Galicia non difere moito do que pensa vostede, e vostede o dixo, si tiveramos nós esa reunión con Portos de Galicia tal e como está pedida posiblemente esta moción non viñera ó Pleno, posiblemente non, porque teríamos unha información directa do que estaba pasando; pero claro, ó non ter esa reunión tal e como estaba pedida por tódolos grupos desta Corporación Municipal, e nós ser ignorantes de todo o que está pasando por iso estamos obrigados a presentar esta Moción, ese é o problema e vostede coincide en esto, porque estou seguro que si tiveramos esa reunión lle preguntaríamos ¿qué pasa con isto?, e nos darían unha explicación verbal e seguramente nós achantaríamos e seríamos comprensibles co que se está facendo; pero a falta de información é o que nos obriga a presentar esta Moción.

Polo tanto distingamos os temas e non mezclamos unhas cousas coas outras, e cando vostede fala do Museo da Navegación quero recalcarlle por activa e por pasiva que ese é un museo cun proxecto practicamente baseado na historia, e unha cousa é un museo histórico e outra é un museo costumbrista, para que nos entendamos; un museo costumbrista se pode ubicar en calquer sitio de Galicia, en Panxón, ou en calquera, pero un museo histórico coas características singulares do noso protagonismo na historia como ten Baiona ó longo dos 8 séculos da súa fundación iso soamente se pode facer en Baiona, é o que tratamos nós de pór en valor agora. Debemos de entendernos e ter a idea moi clara. Eu non podo facer máis labor didáctica neste Pleno co meu amigo e compañeiro de Corporación o Sr.Fernández, que é un tipo intelixente pero as veces se lle mete unha cousa na cabeza, é un gran defensor do BNG, o BNG xa o tiña a vostede que ascender, vostede xa tiña que



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

estar na Xunta e non aquí no Concello. Vostede é defensor do BNG e eu son defensor dos intereses de Baiona, polo tanto nós estamos a favor desta moción. Moitas gracias.

SR.ALCALDE.- Creo que é importante leer a Moción e así sabemos todos o que votamos, non digamos despois que votamos a favor ou en contra por outra cousa. A moción non dí nada de Portos de Galicia, independentemente de que o Alcalde de Baiona fai 1 ano dentro dun pouquiño que pedíu a cita co Presidente de Portos, e tamén fai moito tempo que mandamos o tema do convenio da Ladeira á COPTOPT, algo que comprometeron cos veciños e aínda non recibimos resposta. Esta moción dí o que dí, e si estamos dacordo en iso votamos a favor, ou senón votamos en contra, pero evidentemente o trato que estamos levando e esa falta de información é algo que non ten razón de ser, o Concello de Baiona debería ter información de primeira man do que está pasando co patrimonio que está no porto de Baiona.

SR.LORES, PSOE.- Nos queremos que nos falen da exposición temporal.

SR.ALCALDE.- Para pedir unha exposición temporal primeiro temos que saber o que hai, cando no lo digan evidentemente iniciaremos tódolos trámites que teñamos que iniciar. O tema de aumentar a petición sobre os demais achados que haxa en Baiona, iso se vai a facer, pero agora é un tema moi concreto que está todavía en fase de resolución, é dicir, todavía están coas obras; quixeramos saber, de todas formas, debido a cantidade de achados que hai, que se nos comunicara, e lóxicamente despois Baiona vai a reclamar temporal e definitivamente.

-----  
**Polo Sr.Alcalde sométese a votación o presente punto, resultando aprobado por unanimidade.**  
-----

**E polo que, o Pleno da Corporación, acorda por unanimidade:**

**- Instar á Consellería de Cultura e Deporte de que a Vila de Baiona sexa depositaria definitiva dos materiais recuperados nestes traballos, asumindo o compromiso de custodia, conservación, divulgación e accesibilidade, tal e como corresponde.**

**7.-APROBACION, SE PROCEDE, DA MOCION RELATIVA A ADHESION A PLATAFORMA TODOS CONTRA EL CANON.**

O Sr. Alcalde cede a palabra ó Sr. Rodal, PP, quen da lectura á seguinte:

**MOCION DO GRUPO DE GOBERNO**

***Con motivo de la publicación y entrada en vigor de los nuevos Cánones Digitales que tienen su origen en el Art. 25 de la Ley de Propiedad Intelectual (LPI), ante el evidente perjuicio a la totalidad de usuarios y consumidores, ciudadanos todos ellos, que esta medida representa y constatando:***

***1.- Que este Canon grava indiscriminadamente a TODOS LOS CIUDADANOS, sólo por el hecho de ser sospechosos de poder realizar una copia de una obra sujeta a propiedad intelectual.***

***2.- Que este Canon grava igual de indiscriminadamente a cualquier usuario de la tecnología, desde los juzgados a los estudiantes pasando por los fotógrafos y los fabricantes de software, se impone también al material escolar, a los elementos que necesitan nuestras***



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

**empresas, comerciantes y profesionales forzosamente para trabajar, y se extiende a todas las actividades que utilicen dispositivos electrónicos.**

**Incluso este propio Ayuntamiento queda afectado, convirtiéndose en otra carga más que deben soportar, a cambio de nada, nuestros vecinos y vecinas.**

**3.- Que estamos frente a un impuesto de carácter general en favor de determinadas personas privadas, sin ningún tipo de control por parte del Estado, y que encarece hasta un cuarenta por ciento los productos tecnológicos. El Canon nada tiene que ver con la piratería, aunque, interesadamente, las Entidades de Gestión han querido mezclar ambos conceptos.**

**4.- Que dicho canon está recaudando incluso por las obras de autores y creadores no representados por las entidades de gestión, aunque ellos no entran en el reparto de lo recaudado.**

**Frente a esta anómala situación, ciudadanos, empresas, asociaciones culturales, deportivas, de defensa de los usuarios, institutos, ayuntamientos, sindicatos y patronales, sin distinción de opción política, credo, edad o nacionalidad se han agrupado en la plataforma TODOS CONTRA EL CANON .**

**Por todas estas razones, se propone al Pleno la adopción de los siguientes ACUERDOS.**

**El Ayuntamiento de Baiona., como representante de todos sus vecinos y vecinas, muestra su adhesión a la PLATAFORMA TODOS CONTRA EL CANON, apoyando a quienes actúan en defensa de toda la ciudadanía.**

**Asimismo, insta al Gobierno para que proceda a la derogación del Art. 25 de la LPI y, en todo caso, solicita al Gobierno la exclusión municipal del pago de este canon.**

-----  
CONTINUA.- ¿Qué supón o cánon dixital?, pois que a partir de agora toda persoa que merque un soporte ou dispositivo que grave, almacene, ou rexistre información, deberá pagar un imposto; por exemplo, unha grabadora de cd, dvd, terá un incremento dun 16,3%, un disco duro un incremento dun 23%, un mp3 un incremento dun 25%, a telefonía móvil dun 5%; e os soportes, tanto dos cd, un 44%, e os soportes dun dvd, un 42%. Estos son algúns dos soportes ou aparatos suxetos ó pago da compensación coa copia privada, con esto o Goberno o que quer é compensar polas copias privadas ós autores e tamén traballar ó que é a piratería. O canon dixital é un desequilibrio democrático e non é unha fórmula para compensar ós autores e as suas obras, a copia privada, é un instrumento inadecuado; ó implantar este cánon dixital nos tachan a todos de piratas informáticos e de delincuentes. Din que o cánon non é un imposto senón un beneficio para todos os cidadáns que agora poderán facer unha copia privada a cambio dunha pequena compensación, en definitiva, o cánon atenta contra a presunción de inocencia; este cánon grava indiscriminadamente a tódolos cidadáns e a calquer usuario da tecnoloxía extendendose, como dixeran antes, a tódalas actividades que utilicen soportes e dispositivos electrónicos, por iso dende a Corporación Municipal se insta ó Goberno Central para a derogación do art.25 da LPI. Moitísimas grazias.

SR.LORES, PSOE.- Sorpréndenme varias cousas, en primer lugar o contido deste Pleno, exceptuando o que se aportou pola Concellería de Igualdade, o resto é un Pleno para facer campaña



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

electoral e para non entrar nos problemas de Baiona; entón agora estamos falando do cánon cando realmente hai outros problemas en Baiona que entendemos que nos afectan máis directamente.

Fálase do cánon dixital como algo novo, miren vostedes, antes era o cánon analóxico que era distinto soporte, agora hai unha adaptación ó cánon dixital. O canon analóxico funciona dende 1.992, agora hai cánon dixital; cánon dixital que se aprobou a reforma no ano 2006 co apoio do Partido Popular, curiosamente, ¿qué pasa, que en campaña vostedes cambian?; os únicos que se abstiveron na aprobación desa Lei foi o PNV e Esquerda Republicana de Cataluña, o resto votaron totalmente a favor desta reforma do 2006, polo tanto que veñan vostedes agora con estas cousas é algo que non se entende; primeiro, a propiedade intelectual é un dereito, pregúntenlle ó señor Avelino Sierra, ¿onde está o cánon que pagamos tódolos anos pola Arribada?, ¿ou qué pasa?, o director da Arribada é autor da obra, representa, cobra o cánon, miren, a hipocresía sí, pero no xusto, porque entón habería que facer unha moción para que este señor non cobre ao Concello de Baiona.

En principio o que decía o Sr.Rodal sobre o cánon non é así exactamente, unha grabadora de cd vale o mesmo que antes, 0,60, unha grabadora de cd máis dvd ata a reforma de 2006 paga 6,60, e antes pagaba 3,40; polo tanto hai unha redución do 48%, actualicen os datos; un cdr pagaba antes 0,22, agora paga 0,17, hai unha redución do 22%; o cd de grabación costa o mesmo antes que agora, o soporte de dvd pagaba antes 0,60 e paga agora 0,44, hai unha redución do 26%. Os equipos multifuncionais de inyección de tinta pagaban antes 15 euros, pagan agora 7,95, unha redución do 47%; curiosamente o mp3, que vostede di que subiu, subiu todo porque antes non se pagada nada; polo tanto tampouco poden facer campaña con este tipo de historias.

Hai informes de empresas e de técnicos que din que o cánon dixital é a mellor alternativa posible e que en tódolos Estados de Europa, excepto en Gran Bretaña, se está aplicando.

Xa entrando na moción, a mín sorpréndeme moitísimo que se diga “o que nos vai a costar ós baioneses”, miren vostedes, o que nos costa ós baioneses son casi 10.000 euros os seus salarios e os seus asesores, tódolos meses, para un equipo de goberno, que nós non estamos en contra nin moito menos, pero é que temos unha gardería paralizada, eso sí que nos preocupa; que haxa unha Praza de Abastos que é inviable, iso sí que nos preocupa, e iso é o que costalle ós baioneses tódolos meses; nestes momentos os Centros Culturais das Parroquias a única actividade que teñen é un bingo, cousa que é ilegal, vaia por Deus, pero non hai unha tutela cultural das actividades nesos Centros, iso está costándonos ós baioneses arredor de 1.000 euros; fagamos contas.

En principio non só estamos en contra, senón que nos parece unha provocación, é unha auténtica provocación que a estas alturas de campaña electoral nos traian este Pleno e aínda por enriba nos poñan estas mocións, nada máis, moitas grazas.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Non quero enroscarme moito en datas pero o que sí é certo é que a Lei se reformou no 2006 pero quen iniciou a súa aprobación foi no 2003, en setembro, foi polo PP con maioría absoluta, esa foi a primeira vez que se aplicou o cánon a cedés e dvds virxes, polo tanto esta é unha moción dictada dende Madrid polo PP con motivo das eleccións estatais sen ningún xénero de dúbidas. Nós dende o BNG estamos dispostos e somos favorables a realizar as modificacións legislativas necesarias que conduzan á supresión do cánon e eu creo que debera defenderse na próxima lexislatura pero dunha maneira positiva e creemos que nunha moción deste tipo, aparte do que interesa dicir, evidentemente, e dos inconvincentes que trae un cánon deste tipo e dos perxucios que poida ocasionar, pois deberanse tamen facerse propostas, e aquí non existe proposta ningunha; é dicir, o PP dí que non rotundamente a un imposto que o iniciou o mesmo PP, que, neste Concello, como decía o compañeiro, se lle paga a un compañeiro do seu partido, ó Director da Arribada, se lle paga un diñeiro importante para as arcas municipais polo mero feito de realizar unha obra de teatro por dereitos de autor e que ten o seu dereito, evidentemente, e que me imaxino que se pagará cando se fai en Baiona e en outros sitios, e que polo tanto para nós esta moción está fora de lugar totalmente e mal argumentada porque non propón ningunha alternativa e nós pensamos que as mocións deben facerse alternativas. Por todo isto nós nos vamos a abster nesta Moción, Sr.Alcalde.



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

SR.VILAR, CMÑ.- Nós, dende un punto de vista municipalista, creemos que os Concellos xa teñen que empezar a rebelarse contra todas estas imposicións que nos están facendo dende o Goberno, España non vai ben, non, economicamente non; e nós, estamos sufrindo as consecuencias; neste Concello estamos sufrindo neste momento situacións como da que falamos na moción anterior, Sr.Fernández; mire vostede, competencias no noso propio territorio se ven mermadas na plataforma marítima, na plataforma terrestre, mire o que pasa en Baiona cun Plan Xeral con moitas licenzas que dalgún xeito son legais e os perxudicados son os veciños, sobor de todo; mire vostede como vai economicamente o tema do paro, coidado; dentro de pouco xa me dirá como está a situación económica do país; iso sí: impostos por tódolos lados. Creo que os Concellos teñen que empezar a presentar este tipo de mocións para exixir ó Goberno un pouquiño de respecto; polo tanto dende a nosa óptica creemos que a Moción remata cuns acordos en que se pide ó Goberno a exclusión municipal do pago deste cánon e creemos que é lexítimo reclama-lo e pedílo. Por todo isto estamos a favor como non pode ser doutro xeito. Moitas gracias.

SR.RODAL, PP.- Decirle ó Sr.Lores que a implantación do cánon dixital estaba prevista para mediados de xaneiro, pasou mes e medio de retraso sen xustificar, eu creo que tamén, antes comentaba o tema das eleccións xerais, tería que ver con iso.

O outro día escoitaba na radio que o grupo Estopa aínda non sacou o seu cd e xa ten 200.000 copias ilegais, aunque un cd suba 0,20 centimos a piratería seguirá igual, entón por iso comentabamos antes que realmente esa non é a medida definitiva nin para solucionar a piratería nin os dereitos de autor.

SR.LORES, PSOE.- O que dixo o Sr.Vilar confirmanos de que están en campaña electoral, realmente; decirlle tamén que as licenzas municipais non as pon a Xunta, senón o propio Concello.

Con respecto ó cánon dixital eu non sei si vostedes na propia moción din que non ten nada que ver coa piratería porque sacan os argumentos, na propia moción vostedes din que o cánon dixital non ten nada que ver e agora están continuamente falando de iso, di a moción:” Nada tiene que ver con la piratería aunque interesadamente as entidades de xestión han querido mezclar ambos conceptos”, ¿qué son vostedes, unha entidade de xestión tamén, que queren mezclar os conceptos?, esta é unha moción enlatada, vostedes non teñen nada claro. A vostedes lles dixeron “presenten esto e vótenlo”; a esta moción nós vamos a votar que non, punto; moitas gracias.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Nada máis quería decir ó Sr.Vilar que xa o vexo metido na campaña, acordouse tarde porque senón houbera estado nalgunha lista como Nava Castro, incluso o vemos co Alcalde repartindo propagando por ahí, en todo caso decirlle que ten razón, que España debe ir mal e Baiona tamén, creo que o outro día os que puxeron os postos e llos retiraron de noite lle botaban a culpa a Zapatero, decíanllo aquí dende este balcón gritando, que viñan aquí coas empanadas para vendelas o domingo e non tiñan onde vendélas; efectivamente as cousas van mal.

SR.ALCALDE.- Eu veo que ten unha empanada verdaderamente importante, Sr.Fernández, a Sra.Olaia Fernández que nunca viu a Baiona estaba en medio da Arribada repartindo publicidade, pero dende logo a visitar este Concello nunca víu.

-----  
**Polo Sr.Alcalde sométese a votación o presente punto, co seguinte resultado: 9 votos a favor (8,PP, 1 CMÑ), fronte a 6 votos en contra, PSOE, producíndose 2 abstencións, BNG.**  
-----

**E por isto que o Pleno, por maioría, acorda:**



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

1º.- Mostrar la adhesión del Ayuntamiento de Baiona., como representante de todos sus vecinos y vecinas, a la PLATAFORMA TODOS CONTRA EL CANON, apoyando a quienes actúan en defensa de toda la ciudadanía.

2º.- INSTAR al Gobierno para que proceda a la derogación del Art. 25 de la LPI y, en todo caso, solicita al Gobierno la exclusión municipal del pago de este canon.

**8.-APROBACION, SE PROCEDE, DA DECLARACION INSTITUCIONAL CONTRA OS ACTOS VIOLENTOS QUE ATENTAN A CONVIVENCIA DEMOCRATICA.**

O Sr. Alcalde cede a palabra ó Sr. Rodal, PP, quen procede á seguinte lectura:

***O Grupo de Goberno do Concello de Baiona presenta ante o Pleno a seguinte DECLARACION INSTITUCIONAL.***

- 1. Declara que a sociedade galega constitúe un exemplo de convivencia pacífica e democrática, que todos e todas debemos esforzarnos en preservar, na que todas as opinións poden ser expresadas libremente.***
- 2. Condena sen paliativos os actos violentos cos que unha minoría tenta alterar a convivencia democrática e nos que veronse implicados políticos de diferentes tendencias: María San Gil, Dolores Nadal, Rosa Díez, etc., solidarizándose con eles e cos membros das forzas de seguranza afectados.***
- 3. Igualmente condena sen paliativos os actos violentos cos que unha minoría tentou os pasados días boicotear e agredir a asociacións que libre e democráticamente defendían a pluralidade lingüística.***

CONTINUA.- Decir que declaramos todo o noso rechazo a este tipo de actos violentos e contrarios á liberdade de expresión e que dan unha imaxe bochornosa nos tempos que corren da nosa sociedade actual.

O civismo e o respecto pola liberdade de expresión son valores que definen o espacio democrático e que deben ser asumidos por toda a Comunidade universitaria e por tódala cidadanía en xeral.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Nós presentamos unha proposta de modificación da Declaración Institucional, obviamente o grupo municipal socialista está absolutamente dacordo en condear calquera tipo de acto de impedimento democrático cos dereitos de liberdade de expresión, pero queremos quitarlle quizá algún tipo de carácter electoralista que pode ter esta Declaración, e no segundo punto o que plantexamos é quitar os nomes que aparecen, curiosamente María San Gil e Dolores Nadal son do PP, e Rosa Díez é ex-PSOE, creo que faltan ahí moitos nomes, entón propoñemos que non se cite ningún, creo que coa frase de "implicados políticos de diferentes tendencias" é suficiente.

Tamén queremos aproveitar para facer un punto 4º, engandindo "condenar sen paliativos a situación vivida por diversos Concelleiros desta Corporación á saída do Pleno anterior" xa que foron duramente increpados por unha minoría. Creemos que tanto unha Proposta como a outra son o suficientemente neutrais e hixiénicas como para que se podan aceptar e quitarlle quizá ese tinte electoralista que podería aparentar esta Declaración.

SR.FERNANDEZ, BNG.- A nós parécenos moi ben que se declare unha condena unánime polos actos vandálicos que se realizan ó longo desta campaña, antes e tamén despois, estamos absolutamente dacordo en reprobar a actitude que simpatizantes e afíns ó PP tiveron no último Pleno nesta sala, onde incluso de aparte da mala educación que manifestaron amenazaron con agredir a compañeiras de Corporación; a mín dende logo amenazar non me amenazaron, para iso





**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

teñen que ter ganas e algo máis; pero a compañeiras de Corporación, sí as amenazaron. Polo tanto é reprobable e creo que temos que ver o que pasa aquí antes do que pasa fora de aquí. Non nos parece de recibo o punto número 3, creemos que debe ser retirado, e sí nos parece ben a enmenda que presenta o PSOE xa que para nós o punto núm.1 e 2 son aceptables pero non estamos dispostos a aprobar o punto nº3 porque o PP pretende trasladar a Galiza un discurso de escalada de violencia que non se corresponde coa realidade social e política que ocorre no noso pobo, xa que feitos aillados como os incidentes con Maria San Gil xa merecen a condena do BNG e non poden dar unha imaxe negativa e irreal do noso país por mór de intereses electorais do Partido Popular. O patrocinio polo PP de plataformas que fomentan a confrontación linguística e social merecen tamén o noso rexeitamento, sobre todo cando o PP procura un beneficio partidista alentando plataformas de extrema dereita que fomentan a fobia contra o noso idioma e o enfrontamento social, en contraposición coa súa reacción anodina e apática diante de casos moi graves como os atentados a concelleiros do BNG no Val Miñor ou as agresións de grupos neo-nazis na comarca de Ferrol. Polo tanto a nosa proposta Sr.Alcalde é apoiar a moción sempre e cando se retire o punto nº 3 e se engada a proposta do PSOE de "Finalmente condenar sen paliativos a situación vivida por diversos Concelleiros desta Corporación á saída do Pleno anterior, o verse increpados por unha minoría".

SR.VILAR, CMÑ.- Creo que todos nos coñecemos e posiblemente cando hai un Pleno nos quentemos e hai discrepancias; eu non creo que os que asisten ó Pleno sexan xente agresiva, non o creo, posiblemente algún dos veciños que están aquí por contérse ó estar escoitando ós portavoces e ao mellor a eles lles gustaría intervir, poidan falar algo pero tampouco creo que se chegue a ese tipo de amenazas e de actos violentos como sí se produciron noutras épocas, lamentablemente; ahí sí que houbo agresións físicas posto que se arroxaron monedas, pedras, e tiña que saír a Corporación escoltada pola forza pública, e vostede Sr.Fernández non estaba aquí, estaba posiblemente nos que agredían. Pero esas son época pasadas; eu penso que actualmente non se pode sacar as cousas de contexto, ao mellor ó saír un de aquí o increpan, pero non vai máis alá dunha simple opinión, nunca se chega a unha agresión física; non vexo motivos para incluír ese punto que propón o PSOE, non se pode ir de vitimistas cando entendo que aquí, ó longo de todos estes anos, creo que a relación entre as persoas asistentes ós Plenos e nós é cordial, se fala con liberdade e sin temor a agresións. Ese é meu punto de vista.

En canto ó contido da Moción estou dacordo perfectamente co punto 1 e co punto 2; en canto ó punto 3 eu mantive sempre unha idea ó longo destes anos, quizás porque eu son ensinante, e vexo que o problema incluso para potenciar o idioma galego tampouco vai polo camiño de facer dél unha asignatura máis esixente que o castelán si cabe, non sei si me entende; eu penso que a veces os idiomas se potencian con liberdade, ese é un factor importante; e incluso está demostrado que o galego non se está falando máis na medida que se exige máis nas aulas, desgraciadamente existe esa estadística; hai moitas mesas de normalización linguística, o Consello Galego da Lingua, todos son bastante críticos co que está pasando co galego, e a todos nos gustaría que se falase máis, que se falase por tódolos estratos da poboación, e que tivese un arraigo cada vez maior, eu espero que non sexa dudoso para vostede que eu diga isto, polo tanto creo que boicotear accións como esa da pluralidade lingüística non é malo, que a xente que queira falar en castelán que fale en castelán, que quera falar en galego, pois que falen en galego, pero que se expresen con liberdade; iso é moito máis positivo incluso para a implantación do galego; pero hai opinións para todos, hai xente que pensa que metendollo nas clases, dando en galego as asignaturas, etc., se vai a falar máis, creo que non é así. Esta moción é respetuosa con este tema, e si ven un autobús a un Concello en defensa de isto tampouco se gana máis prohibíndolle aparcarse a ese autobús, isto non ocorreu en Baiona, ocorreu noutros Concellos, e é responsabilidade dos responsables políticos deses Concellos, pero tampouco se debe facer eso, vivimos nunha sociedade da liberdade, e a liberdade é un factor fundamental da democracia e a liberdade é un factor importantísimo para implantar e que o galego se fale máis, e a mín me gustaría que os meus fillos falasen o galego igual que o falo eu, me encantaría, pero primeiro ten que haber liberdade.



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

O contido da Moción me parece correcto, incluír outros puntos que poden ser de discrepancia, sobre todo cando afectan á convivencia coa xente que asiste habitualmente ó Pleno, non me parece correcto; para mín non son agresivos aínda que pudo haber un momento de calentura pero tampouco vai máis alá, polo tanto creo que aprobar a Moción tal e como se presenta sería unha cousa positiva.

SR.RODAL, PP.- Decírlle ó Sr.Estévez que dende o PP estamos totalmente dacordo en que o punto 2 non sexa nominativo, estamos dacordo en que se retiren os nomes de Maria San Gil, Dolores Nadal e Rosa Díez , pero como polo tanto non é nominativo entendemos que este punto, retirando os nomes, tamén inclúe a súa enmenda do punto 4º: *“Finalmente condenar sen paliativos os actos violentos cos que unha minoría tenta alterar a convivencia democrática e nos que veronse implicados políticos de diferentes tendencias, solidarizándose con eles e cos membros de seguranza afectados.”*

SR.ALCALDE.- Esa é a proposta que facemos para tratar de chegar a un consenso, pero para nada aceptamos que o que houbo na saída do Pleno foran agresións ou intentos de agresións, ou ameazas físicas, como dícen, de militantes do Partido Popular; iso non o aceptamos baixo ningún concepto; e si alguén en concreto hai, o que teñen que facer é unha denuncia na Policía Local ou na Guardia Civil; non nos vale iso, si nos vale a condena de calquer acto violento e por iso estamos dispostos a retirar os nomes deste punto pero dende logo o que non vamos a aceptar é que o que houbo aquí foron intentos de agresións porque non é certo.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Agradecer a modificación do punto nº 2.  
O punto nº 4, eu volvo a insistir, é neutral, obxectivo, e hixiénico: *“Finalmente condenar sen paliativos a situación vivida por diversos Concelleiros desta Corporación á saída do Pleno anterior, o verse increpados por unha minoría”*; poderíamos dicir increpados, agredidos, insultados, pois non, simplemente poñemos *“increpados por unha minoría”*, que non identificamos con ningún tipo de electoralismo nin partidismo, polo cal creemos que debe ser totalmente respetado, absolutamente.  
Decía o Sr.Vilar que non son agresivas as persoas, por suposto, vamos a pensar na presunción de inocencia de todo o mundo, pero igual que na presunción de inocencia dos que boicotearon a Maria San Gil, a Dolores Nadal, e a Rosa Díez, obviamente; eses foron denunciados e siguese un proceso xudicial; estas persoas de aquí non, obviamente, eu non vou a chamar agresivo a ninguén, por suposto que non, unicamente é un momento realmente oportuno para facer esa condena por tódala Corporación municipal; en decembro de 2007 varios concelleiros do Concello de Madrid como Pedro Zerolo e Abel Lucas, e algún deputado socialista, foron duramente increpados e o PP non sacou ningunha moción, en cambio o grupo municipal do PP en Madrid xusto despois do tema de Nadal e Maria San Gil si o fixo, ou sexa, creemos que depende da época, da situación, ou depende de que sexan eleccións ou non; creemos que a declaración que nós propoñemos si é institucional, porque realmente obxectiva si que é. Moitas grazas.

SR.ALCALDE.- Quero recordarlle que o Sr.Lores, en varios periódicos, si dixo que eran militantes do PP, incluso xente que non estivo no Pleno, polo tanto non é certo que non se recoñezca dentro desa que dí minoría a militantes do PP; non vamos a consentilo porque non é así. Si queremos facer, como decimos, unha nota de consenso, perfecto, pero dende logo iso que dí no punto 4º non podemos aceptalo baixo ningún concepto.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- O mesmo que con Portos, a Moción é a moción, leemos o punto 4º, as veces que teñamos que leélo, pero é o mesmo da moción do Porto, exactamente o mesmo, igualiña, e podemos rebobinar o que dixo vostede nese punto; si queremos apoiar realmente esta situación leemos esta moción, si queremos votar en contra votamos en contra, obviamente, igual que o dixo vostede.



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- Perdón, a moción de restos arqueolóxicos estaba claro o que decía, nesta, no punto 4º, está claro tamén o que dí e dende logo non é iso. Senón están dacordo non pasa nada, a moción a presenta o grupo de goberno, tivemos unha Comisión Informativa onde non se dixo nada por parte da oposición como é habitual, onde se absteñen en tódolos puntos, pero dende logo non queran tratar de levar a unha situación que non é verdade, a unha irrealidade. Si queren facerse as vítimas me parece ben, pero dende logo o tema non é ese; si se acepta se acepta coas modificacións contempladas, e senón non pasa nada.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Normalmente o Sr.Vilar nos Plenos fai intervencións moi boas, outra cousa é que estemos dacordo con él ou non, e a intervención que fixo foi moi correcta, moi positiva, pero cada ún fala da feira según lle vai néla; é verdade que nesta sala, e na de abaixo, e no antigo Concello na Plaza da fruta, se viviron momentos de tensión graves e perigosos, incluso para a integridade física dos corporativos, e dos funcionarios tamén, que tamén apañaron de vez en cando, pero de tódolos bandos; eu recordo na sala de abaixo no nomeamento de Emilio Iglesias, que a unha militante socialista lle arrancaron un pediente de cuajo, e non quero decir quen llo arrancou. Creo recordar na época da Palma que a un palmeiro lle quemaron a casa, ou sexa, houbo de todo en tódolos lados, e iso hai que evitálo; eu creo que a maneira mellor para evitálo é non chamando ós militantes de un partido para que veñan aquí para intentar amedrentar ós concelleiros, sexan do grupo que sexan, e hoxe aquí hai veciños do PP tamén, que estaban o outro día, e hoxe non pasou nada, é que non foron eles os que o fixeron; e eu dixen ó principio que a mín persoalmente non me tocaron nin me amenazaron, porque hai que ter algo máis que ganas, evidentemente, pero o que sí fixeron foi insultar: “sinvergüenza”, “miserable”, “te voy a escupir por la calle cuando te vea”, iso mo dixeron a mín na porta, Sr.Alcalde; a mín non me amenazaron; eu me enterei de que houbo amenazas e intentos de agresión pola tarde unha vez falando co portavoz do PSOE; a mín non me agrediron, efectivamente, pero as lindezas que soltaron aquí, que vostede consentiu (por iso lle dixen antes que lle agradecía a actitude que estaba tomando) foron para presentar denuncias, e curiosamente non había Policía, agora non ven a Policía ós Plenos; sempre estivo, agora non ven; e iso hai que erradicálo, porque senón vamos a ter problemas, porque entón cada vez que veñamos ó Pleno vostede chamará ós seus simpatizantes, nós chamaremos ós nosos, Manolo Vilar ós dél, e o PSOE ós déles, e aquí se pode armar unha batalla campal, e poden sair veciños e concelleiros pola ventana, e iso é o que temos que tratar de evitar; quen non sexa capáz de aguantar a presión nun Pleno que non veña; a mín me parece moi ben que os veciños aplaudan cando están de acordo co que dí o Alcalde, e que lle canten victoria si queren, pero de ahí á agresión e á mala educación hai unha distancia; eu creo que o que sucedeu en épocas pasadas, Sr.Vilar, non debe volver a suceder aquí, nunca máis, nin aquí nin fora de aquí.

Eu recordo que aquí se habían aprobado incluso declaracións de apoio ó meu compañeiro David, cando fora aquilo do coche, pero que houbo outro compañeiro en Gondomar, que saíu antes de onte a sentenza, que lle pegaron unha malleira, e houbo outro compañeiro tamén en Gondomar, na zona de Morgadáns, que lle quemaron a casa, e os coches; ou sexa, aquí todos sufrimos agresións de incontrolados, non soamente o PP, todos, e máis aínda cando se está exercindo unha acción de goberno, eu recordo no ano e medio que estiven gobernando de que un tío por meterlle unha multa cando facía un incumprimento, pois vir aquí con intencións de agredir dicindo que si eu denunciarei cando eu non había denunciando nada, iso se vive na acción de goberno e iso hai que erradicálo, e penso que debe haber unanimidade e consenso nestas cuestións. Agora ben, nesta moción que vostedes presentan a mín paréceme moi ben que retiren eso pero o 3º punto para nós é inasumible porque nós creemos que dende o PP se están creando plataformas para buscar enfrontamentos, e nós non vamos a pasar por este punto, evidentemente.

Polo tanto, si queren consenso, nós apoiamos o punto nº 1, e o punto nº 2 porque se retiran os nomes, e o 4º podería quedar ahí medio involucrado, non sei que lle parecerá ós do PSOE, pero para nós o punto nº 3 é inasumible. Moitas grazas.



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- Unha aclaración antes de acabar, nin o PP, nin nadie do Concello de Baiona, chama a nadie para que veña ós Plenos, o que pasa é que nós o que sí facemos é ter as portas abertas, aínda que as veces abran mal, para que todo o que queira vir ó Pleno poida vir; non facemos como en Vigo que se pechan as portas para que soamente entren militantes. Nós non vamos nunca a impedir que a xente veña ós Plenos, salvo que haxa actitudes violentas, e dende logo o tema que dí que o PP crea mesas, que crea organizacións paralelas, e tal, buscando confrontación, non o vamos a consentir. Plataformas, non, vostede sabe perfectamente que as plataformas eran do BNG, que agora como están dentro das institucións non están na calle; o decía vostede mesmo: dende que estamos nós no poder no Concello de Baiona xa non hai algarada nas calles; claro, xa están dentro do Concello ¿cómo vai estar a algarada nas rúas?. A sociedade pode falar e os partidos políticos son os partidos, non confundamos, e pode haber afíns a úns ou a outros, pero hai unha cousa que creo é importante, é triste que alguén vaia a defender a un sitio o tema de que se poda falar galego e castelán en Galicia, e lle piten os autobuses, non lle deixen falar, e demáis, recordamos que nós estamos dispostos a retirar os nomes, pero quero dicir que son xente que foron a falar a sitios determinados e ou non poideron falar ou tiveron que falar coa Guardia Civil ou coas Forzas de Seguridade presentes.

O punto 4º, Sr.Estévez, eu penso que aquí pudo falar todo o mundo no Pleno, non houbo ningún problema, pero dende logo non constan nin agresións físicas nin verbais; agora ben, si queremos liar a cousa, pois liémoslla. Nós estamos dispostos a retirar o tema dos nomes pero non vamos a aceptar o punto nº 4 porque creemos que non é a realidade, tratan de intentar levar unha cousa onde para nós non existe; ¿qué se quer meter como xenérico?, se mete, está xenérico xa, si vostedes consideran que iso foi así me parece ben e vai xenérico no punto nº 2, é xenérico, ahí si vostede o considera, perfectamente, pero creemos que facer un punto aparte é remarcar algo que para nós non foi así.

Polo tanto si se quer xenérico. retiramos os nomes que figuran ahí e se considera aplicable a calquer representante político que fora repreendido de forma violenta ou agresiva; senón, procedemos a votación da moción tal e como se presentou na C.Informativa e no Pleno de hoxe.

-----  
**Se procede polo Sr.Alcalde á votación da ENMENDA, resultando: 6 votos a favor, PSOE; fronte a 9 votos en contra, (8,PP, 1 CMÑ); producíndose 2 abstencións, BNG, polo cal resulta rexeitada.**  
-----

**O Sr.Alcalde somete a votación a Moción presentada, sen modificacións, producíndose o seguinte resultado: 9 votos a favor (8,PP, 1 CMÑ), fronte a 8 votos en contra (6,PSOE, 2, BNG).**

**Polo cal resulta aprobada por maioría a seguinte DECLARACION INSTITUCIONAL:**

- 1. Declarar que a sociedade galega constitúe un exemplo de convivencia pacífica e democrática, que todos e todas debemos esforzarnos en preservar, na que todas as opinións poden ser expresadas libremente.**
- 2. Condenar sen paliativos os actos violentos cos que unha minoría tenta alterar a convivencia democrática e nos que veronse implicados políticos de diferentes tendencias: Maria San Gil, Dolores Nadal, Rosa Díez, etc., solidarizándose con eles e cos membros das forzas de seguranza afectados.**



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

3. Igualmente condenar sen paliativos os actos violentos cos que unha minoría tentou os pasados días boicotear e agredir a asociacións que libre e democraticamente defendían a pluralidade linguística.

**9.-URXENCIA.**

**-APROBACION, SE PROCEDE, DA MODIFICACION DOS ESTATUTOS DO CLUBE DE MUNICIPIOS DE EXCELENCIA TURISTICA DA ESPAÑA VERDE E CAMBIO DE DENOMINACION.**

O Sr. Alcalde pide disculpas por non levar este punto á Comisión Informativa polo motivo de que chegou posteriormente a dita reunión. Explica que é interesante aprobála canto antes posto que teñen que levála a Rexistro, a nivel nacional, polo que procede á votación da Urxencia.

-----

**Sometida a Urxencia a votación resulta aprobada por unanimidade.**

-----

O Sr. Alcalde cede a palabra ó Sr. Rodal, PP, quen da lectura á seguinte:

**PROPOSTA DA ALCALDIA**

***Resultando que en data 2 de marzo de 2001 o Concello de Baiona suscribiu a acta fundacional e aprobou os Estatutos que rixen o Clube de Municipios de Excelencia Turística de la España Verde”***

***Por parte do Clube de Municipios de Excelencia Turística de la España Verde se presenta unha modificación dos Estatutos, modificación ten por obxecto adaptar os Estatutos a Lei Órganica 1/2001, de 22 de marzo, reguladora del derecho de asociación. A devandita modificación conleva o cambio de denominación da asociación, en lugar de “Clube de Municipios de Excelencia Turística de la España Verde” se denomina “ASOCIACIÓN VILLAS MARINERAS” e a fixación dun domicilio social principal na cidade de Gijón e adaptación dos estatutos a normativa vixente.***

***É por isto polo que propoño ós membros do Pleno adoptar o seguinte acordo:***

***- Aprobar a modificación da denominación Clube de Municipios de Excelencia Turística de la España Verde” e a modificación dos seus Estatutos.***



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

CONTINUA.- No ano 2001, 5 Municipios costeiros que tiñan características en común, eran vilas mariñeiras, tiñan unha gastronomía común, unha paisaxística, foron os primeiros en fundirse para crear o "CLUBE DE MUNICIPIOS DE EXCELENCIA TURISTICA DA ESPAÑA VERDE"; eses 5 Municipios foron, por parte de Cantabria, Laredo e S.Vicente de la Barquera; por parte de Asturias, Llanes e Ribadesella; e por parte de Galicia, obviamente, Baiona. Despois se incorporaron 3 Concellos máis, Sanxenxo, Gijón, e Cudillero, e posteriormente houbo incorporacións ata chegar ós 13, como Sada, Ortigueira, Viveiro, Santoña, e Ribadeo.

Actualmente somos 13 membros e próximamente se incorporarán ós do País Vasco, que son 4 máis, así quedaremos en 17; o que se pretende dende todas estas villas mariñeiras é ofertar un produto en conxunto a nivel turístico, máis ou menos todas están a unha distancia entre 50 e 100 kms, e así recorreremos tódala cornisa atlántica e cantábrica. Estes novos Estatutos tratan do cambio do nome anterior de "CLUBE DE MUNICIPIOS DE EXCELENCIA TURISTICA DA ESPAÑA VERDE", por "ASOCIACION VILLAS MARINERAS"; e tamén o cambio do domicilio social que anteriormente era en Laredo e este ano 2008 vai ser en Gijón. Tamén hai modificación dos órganos de Asociación, coa corrección do Capítulo II, e inclusión de novos artigos, para regular e definir os novos órganos da Asociación adaptándoos á Lei de Asociacións do 2002. Moitas grazas.

SR.LORES, PSOE.- En principio, como trámite administrativo, estamos a favor. Nós falamos xa deste Clube que a nós gustaríanos como o Madrid, que fora algo máis que un Clube, e que aquí aparte de, de vez en cando, traer modificacións dos Estatutos e das xuntas ordinarias anuais onde se xuntan os representantes de ditos Concellos e fan as suas comidas e os seus irmanamentos, nos parece que isto debería significar algo máis para Baiona, ter algún tipo de proxecto común que vaia máis alá da xuntanza dos membros do Clube, que se deixara ver algo, algún proxecto como nalgún momento parecía que empezaba a haber, ou como algunha homoxenización do mobiliario urbano, ou dos folletos, ou facer algún tipo de planificación turística conxunta e que collera máis forza.

O que estamos a ver ano tras ano é que ao único que se limita este Clube é iso: a ser un Clube no cal unha vez ó ano se celebra unha xuntanza, que nós non criticamos, senón que creemos que está ben, na que se pón en valor cada ún dos Concellos, pero a partir de aí non hai ningunha outra actividade que realmente repercuta no noso Concello. Polo tanto pedimos, aparte desta modificación, que se dinamice por parte de Baiona esta presenza no Clube de Municipios.

SR.VILAR, CMÑ.- A mín me parece positivo; eu recordo cando naceu Baiona como Municipio de Excelencia Turística que evidentemente supuxo un cambio importante, sobor de todo de que o feito de que agora se vaia amplando pois iso é altamente positivo, sobre todo me encantou escoitar ó concelleiro de Turismo que se van a incorporar os Concellos de Euskadi, porque, dende o noso punto de vista, Villas Mariñeiras, senón se incorpora Euskadi, está un pouco coxo, polo que representan os Concellos vascos que son moi similares ós galegos, ós cántabros, e os astures, sobre todo en canto á relación co mar. Creemos que este é un paso importante e dende o noso grupo sempre valoramos positivamente que se integrasen tódolos Concellos de Euskadi; Baiona debe defender iso, e posiblemente nós somos unha voz moi autorizada xa que son moitos os vascos que veñen aquí durante o verán e as relacións que temos incluso a través da pesca, dende Baiona con algúns Concellos vascos, é moi grande e moi intensa; e sobor de todo, a pesar da distancia que hai entre Galicia e Euskadi, quizás nós teñamos moitísima máia afinidade e relación con eles que os cántabros e os astures, por iso nós apoiamos este punto e que a poder ser se amplie este Clube de Excelencia Turística ós Concellos de Euskadi. Aprobamos o punto, por suposto.

SR.ALCALDE.- Un comentario sobre todo en canto ó Sr.Lores, que ten parte de razón; este ano foi un ano de transición polo tema das eleccións municipais o que produxo cambios en bastantes Concellos do Clube, que agora pasa a chamarse Asociación; penso que agora xa queda consolidada a idea de estar unidas tódalas Vilas mariñeiras do Norte que teñen un clima, unha gastronomía, e uns atractivos en común, e unha absoluta variedade de ideoloxías, o que penso que vai a enriquecer á Asociación, porque no País Vasco, por exemplo, que están encantados de entrar, creo que son os



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

4 do PNV, pero en Galicia, Ribadeo, Sada, Ortigueira, Sanxenxo, temos tamén presenza de tódolos grupos políticos, creo que é bó.

Hai agora unha nova xerente, agora a sede está en Gijón, e vamos a entrar, así o solicitamos, na CEM cunha delegación específica que será "Villas Marineras". O tema, como decía Manolo, de que entre o País vasco, é moi importante, xa temos bocetos de proxecto para este ano e a idea é que se consoliden; o tema de faros, por exemplo, funcionou bastante ben, e agora mesmo se quer ver un tipo de proxecto europeo e tamén crear un produto común, que podería ser unha tarxeta determinada para que tódolos veciños de calquera dos Concellos poidan chegar a calquer Municipio do Clube e ter prezos especiais, como unha rede, así lóxicamente a promoción será moito máis sencilla, teremos os canais autonómicos e nacionais para levar a cabo esta idea na que Baiona é ún dos iniciais Concellos que creou o Clube e que agora está reforzada coa presenza de Galicia, a de Cantabria, Asturias, e o País Vasco. Penso que este ano vai ser o da consolidación, e por suposto daremos tódala información que teñamos para que a oposición tamén coñezca perfectamente como funciona. Procedemos á votación.

-----  
**Polo Sr. Alcalde sométese a votación o presente punto, resultando aprobado por unanimidade.**

**E por isto que o Pleno, por unanimidade, acorda:**

**- Aprobar a modificación da denominación Clube de Municipios de Excelencia Turística de la España Verde" e a modificación dos seus Estatutos.**

## **10.-MOCIONS.**

### **10.1.- URXENCIA.- MOCION DO GRUPO DE GOBERNO DE BAIONA CONTRA A VIOLENCIA DE XENERO.**

O Sr. Alcalde cede a palabra á Sra. Silva, PP.

SRA.SILVA, PP.- Antes de explicar a Urxencia da Moción quero agradecer tanto ó PSOE como ó BNG o seu apoio e aprobación do II Plan municipal de Igualdade e tamén, como non, agradecer as felicitacións tanto a miña persoa como ó persoal técnico e demais persoas que apoiaron e elaboraron este Plan.

A urxencia da Moción que o equipo de goberno presenta é a actualidade que nestas últimas semanas veñen acontecendo a nivel estatal coas últimas mortes de mulleres a máns das suas parellas ou ex-parellas. Ben dada esta urxencia pola realidade.

-----  
**Sometida a Urxencia a votación resulta aprobada por unanimidade.**

A Sra. Silva procede agora á lectura da seguinte:

#### **MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO DA BAIONA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO**

***De acordo e o amparo do previsto no regulamento da Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Popular do Concello de Baiona desexa someter a consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN:***



EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)

***É triste que, próximos a celebración do Día Internacional da Muller, cada vez sexa máis o dato trágico o dato das mulleres maltratadas ou asasinadas por violencia de xénero.***

***A sociedade española contempla a evolución desta eiva e asiste con preocupación a ineficacia da Lei Integral de Medidas contra a Violencia de Xénero, cuxas medidas non se están implantando coa delixencia e a decisión que son necesarias.***

***Teremos que recordar o martes 26 de febreiro de 2008 como a data fatídica na que catro mulleres foron asasinadas a mans das suas parellas e unha quinta estivo a punto de perde-la vida. Estes feitos estremecedores e o número de mortes acontecidas ata a data, só no ano 2007 morreron 74 mulleres vítimas desta violencia segundo o Consello Xeral do Poder Xudicial, e no que vai de ano morreron 17 mulleres, poñen en evidencia a necesidade de buscar novos instrumentos e medidas máis eficaces para loitar contra a espiral do medo que están sufrindo moitas mulleres no noso país.***

***Esta lei non axudou “a corrixir a tendencia dos mortos que hai agora”, como chegou a dicir o Ministro de Traballo e Asuntos Sociais.***

***O Goberno só se preocupou de aprobar a Lei. Deulle igual se é efectiva ou non, se ten fallos ou non, se está axudando realmente a mulleres maltratadas que se senten indefensas. O Goberno non foi capaz de atender a informes de prestixiosas entidades, do Defensor do Pobo ou de Amnistía Internacional que lle advertían das expectativas frustradas da lei e da necesidade de tomar medidas eficaces.***

***A violencia non pode deixarnos impasibles. E menos aínda os alcaldes e concelleiros dos Concellos que vivimos e sentimos tan de preto os problemas reais e cotiáns dos cidadáns. Unha Lei integral é unha ferramenta para loitar contra os fenómenos da violencia indiscriminada, pero non suficiente. O Goberno está obrigado a facer algo máis que legislar. Ten que por mais medios e mais enerxía para protexer as mulleres que están ameazadas.***

***Por iso, o Grupo Municipal Popular presenta ao Pleno para a súa consideración e aceptación no seu caso, os SEGUINTEs ACORDOS:***

***1.- O Concello de Baiona lamenta con profundo dor o aumento tan significativo de casos de morte e maltrato por violencia de xénero producidos en España no que vai de ano, contempla consternación e máxima conmoción o feito de que nada menos que catro mulleres haxan sido asasinadas nun mesmo día e en catro sitios diferentes, e eleva a súa máis enérxica protesta o Presidente do Goberno pola incapacidade demostrada polo seu goberno para facer efectiva a finalidade da lei.***

***2.- Reclama do Goberno da Nación que adopte urgentemente as medidas necesarias para dar máxima protección as mulleres ameazadas, establecendo con carácter inmediato plans personalizados da seguridade.***

***3.- Instar o Goberno da Nación para que incremente o número de xulgados especializados en violencia de xénero, dotandoos de medios necesarios para garantir o seu funcionamento.***

***4.- Solicita o Goberno da Nación que incremente o número de membros dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado dedicados exclusivamente a violencia de xénero, especialmente formados para estas tarefas e en comunicación directa, permanente e personalizada coas vítimas actuais ou potenciais.***





**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

**(Nestes intres abandonan a sesión os Concelleiros do PSOE).**

-----  
Continúa.- Moitas gracias ós que quedaron.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Señora concelleira, como dí o anuncio, respire fondo e reláxese, é o estrés do PP. Creo, Sr.Alcalde, que isto é infumable e impresentable; que veñan vostedes cunha moción deste tipo onde o único positivo que recoñecen é que Galiza é unha Nación, aquí o din: "reclamar do Goberno da Nación", lle agradezco esta postura pero teñan coidado que poden botálos do seu partido, pero isto é infumable, é dicir, vostedes reprochan o que nunca fixeron na vida, nunca ata o día de hoxe se tratou esta cuestión con tanta sensibilidade e con tantos medios, polo tanto a cada cousa o seu.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Isto é Galiza, estas son competencias galegas; eu teño só unha nación, non teño máis que unha, e unha bandeira, polo tanto lle podó asegurar que isto está fora de lugar totalmente. Me parece incluso de mal gusto que traian unha moción de urxencia para facer un acordo plenario electoralista e partidista como é éste. Vamos a votar, por suposto, en contra.

SR.ALCALDE.- Explicarlle que esta moción a votaron en bastantes Concellos, esta mesma moción, xente do seu partido.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Pois o BNG de Baiona vai a votar en contra.

SR.VILAR, CMÑ.- Dende o noso punto de vista, non só xa como grupo de goberno, entendemos que cando se esixen medios hai que dirixirse a alguén, e neste caso é responsabilidade de quen goberna, hai que dirixirse ó Goberno da Nación, non nos vamos a dirixir á oposición; e sobre todo creemos que se esixe a nivel do Estado posto que foron mortes que se fixeron nalgúns puntos de España de fora de Galicia, e goberne quen goberne; tódolos medios posibles para erradicar a violencia de xénero é importante, non se deben escatimar esforzos. Eu non creo que isto sexa electoralista, é unha moción que aínda que agora se tome o acordo, as eleccións son o domingo. Penso que é unha moción que nos fai sensibles con ese tema e penso que estamos obrigados a apoiála, polo tanto creo que se pode apoiar por calquera dos grupos que están aquí presentes e lamento que se haxan marchado os compañeiros do PSOE, nós estamos a favor do punto.

SRA.SILVA, PP.- Elevamos este tema ó Goberno da Nación porque a competencia primeira é do Goberno da Nación, despois si hai competencias autonómicas pois tamén se elevará a eles, pero en principio nós diriximonos ó Goberno da Nación que é o primeiro que ten que tomar medidas ante esta lacra social que vivimos en toda España, independentemente de en que Autonomía vivamos. Estou sorprendida polo que acaba de acontecer aquí, que se levanten tódolos membros do PSOE, isto non vai en contra de ninguén, é a favor das mulleres, e soamente estamos decindo que sí, que hai que legislar, pero despois hai que poñer as armas necesarias para que o lexislado se leve adiante e podamos evitar esta lacra, é o único que estamos pedindo a gritos, pero o estamos pedindo a gritos por boca de todas estas mulleres que sufren isto día a día. Non creo que se teña que tomar como un tema político; non é política que morran mulleres tódolos días, é unha realidade, e o único que estamos reivindicando é iso: que se tomen medidas, e que cada día se faga máis necesario tomar estas medidas.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Isto é unha cuestión política posto que a debatimos aquí; unha cuestión política na que vostedes que estiveron gobernando durante moitísimo sanos, que adicaron orzamentos a estas partidas, que todo o mundo estamos dacordo en que ten que erradicarse a



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

violencia de xénero dunha vez por todas, en isto non creo que haxa dúbida ningunha, pero que vostedes cando gobernaron adicaronlle unhas partidas orzamentarias e agora se multiplican por moito, aínda que non teño os datos aquí para decirlle canto supón, pero se multiplicaron por moito, non só dabondo aínda, hai que aumentálas, pero esta é unha moción partidista e electoralista porque estamos en vésperas electorais, para que vostedes xa digan por ahí que presentamos isto e a oposición votou en contra, é así de simple, tamén dirán que os compañeiros do PSOE marcharon e nós quedamos porque evidentemente votamos a Moción de urxencia. Isto non é de recibo, esta moción é impresentable, e a estas alturas aínda máis. Polo tanto nós vamos a votar en contra.

-----  
**O Sr.Alcalde somete a votación a Moción, producíndose o seguinte resultado: 9 votos a favor (8,PP, 1 CMÑ); fronte a 2 votos en contra, BNG.**  
-----

**E por isto que o Pleno, por maioría, acorda APROBA-LO seguinte acordo:**

**1.- O Concello de Baiona lamenta con profundo dor o aumento tan significativo de casos de morte e maltrato por violencia de xénero producidos en España no que vai de ano, contempla consternación e máxima conmoción o feito de que nada menos que catro mulleres haxan sido asasinadas nun mesmo día e en catro sitios diferentes, e eleva a súa máis enérxica protesta o Presidente do Goberno pola incapacidade demostrada polo seu goberno para facer efectiva a finalidade da lei.**

**2.- Reclama do Goberno da Nación que adopte urgentemente as medidas necesarias para dar máxima protección as mulleres ameazadas, establecendo con carácter inmediato plans personalizados da seguridade.**

**3.- Instar o Goberno da Nación para que incremente o número de xulgados especializados en violencia de xénero, dotandoos de medios necesarios para garantir o seu funcionamento.**

**4.- Solicita o Goberno da Nación que incremente o número de membros dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado dedicados exclusivamente a violencia de xénero, especialmente formados para estas tarefas e en comunicación directa, permanente e personalizada coas vítimas actuais ou potenciais.**

**11.-ROGOS E PREGUNTAS.**  
**- PREGUNTAS DO BNG (no Pleno anterior).**

**1º.- ¿Porqué motivo non se recolle o lixo en tódalas parroquias tódolos días da semana?.**

SR.VILAR, CMÑ.- O lixo se recolle nas parroquias tódolos días da semana; o que pasa é que se funciona en circuito, é decir, que nunca vai a quedar ningún punto máis de 1 día sen recoller; lóxicamente hai 2 circuitos, ún que é da zona baixa, que o fai o camión grande, e outro que é da zona das Parroquias, que funciona en circuito; a orde que teñen os responsables dos camións son que o día seguinte empecen a recoller onde remataron o día anterior, e sempre isto conleva o seguinte: primeiro, de que cada camión vaia con 6000 kilos, que é o que marca a sua carga, a



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

Porriño, que non vaian os camións mediados; este plan de recollida de lixo contempla que periódicamente, a medidas que as necesidades vaian aumentando, se poidan incrementar camións, pero se parte sempre dun período de mínimos que pode ser no inverno a un período de máximos que é o mes de agosto; lóxicamente outra historia é o mal uso que se poidan facer dos contenedores e se empecen a verter en certas áreas restos de podas, de electrodomésticos, de escombros, ou doutros materiais que non sexan residuos sólidos orgánicos, que son os que teñen que estar depositados nos contenedores. Para elo, dentro deste plan, se vai a establecer agora aumentar o número de contenedores tanto de vidro, que vamos a empezar cun plan na zona urbana e logo se van a estender incluso a zona rural, como os demais; polo tanto entendemos que, como moito, poderán nalgúns puntos determinados, estar un día sen recoller; si é que isto non se fai é que estarían incumprindo os responsables do servizo a normativa que se lle manda dende a Concellería; é decir, Sr.Fernández, cando se funciona en circuito o día seguinte teñen que empezar onde remataron; polo tanto nunca se pode dar o caso de que estén máis de 1 día sen recoller. E posible que ao mellor un día si se sellou o camión queden algúns contenedores sen recoller, pero si están pechados tampouco habería problema. En calquer caso, nunca máis de 1 día.

SR.FERNANDEZ.- A realidade non é isa, eu pensei que sucedía no meu barrio pero non é así; non funciona así, hai en varias parroquias protestas por ese motivo.

SR.VILAR, CMÑ.- Eu lle digo cal é normativa, para que lle quede claro, con contundencia.

**2º.- A día de hoxe ¿cántas demandas no Xulgado levan posto os traballadores contra as accións de goberno?.**

SR.ALCALDE.- Unha.

SR.FERNANDEZ.- ¿Por parte de?.

-----  
**ROGARIAMOS que nos den por escrito cales foron as subvencións que deron no 2007 ós grupos de actuacións musicais. Nada máis, moitas gracias, Sr.Alcalde.**  
Este foi un rogo que xa habíamos feito.

**- PREGUNTAS DO BNG (ó Pleno de hoxe).**

**1º.- ¿Cántos postos houbo este ano na Festa da Arribada?.**

SR.ALCALDE.- Contestareille no próximo Pleno.

- ¿Cántos se pecharon na noite do sábado?. ¿Porqué?.

SR.ALCALDE.- Contestaremos no próximo Pleno.

**2º.- ¿Cánto se recaudou cos postos?. ¿Cál foi o orzamento?.**

SR.ALCALDE.- Contestaremos no próximo Pleno. O orzamento ¿de qué?, ¿da Festa?.

**3º.- ¿Cál foi o gasto?. ¿Cál foi a cantidade de subvencións?.**



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

**ROGAMOS** nos den copia de tódalas solicitudes dos postos da Arribada, cos metros solicitados e pagados.

SR.ALCALDE.- Todo o que está pedindo vai a tardar porque o tema de subvencións, dos gastos, etc., tarda meses en pecharse, pero lle serán dados.  
-----

**4º.- ¿Qué medidas teñen pensado tomar contra as pingueiras que seguen caíndo dentro do Pavillón?. Pingueiras, ou diluvios, según se vexa e según caiga.**

SR.ALCALDE.- Contestaremos no próximo Pleno.  
-----

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr.Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as catorce horas e quince minutos do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.